




Barocco



O Barroco período que vai dende o 1600 ata o 1750, e dicir todo o século _____ e a metade do _____. A palabra “Barroco” significa recargado,

moí adornado, etc. e efectivamente na arquitectura, na pintura e na escultura atopamos obras cheas de adornos, sin espazos valeiros. Na literatura atoparemos obras tamén recargadas de figuras retóricas (metáforas, anáforas, metonimias, etc.) que fan que as veces mesmo resulta difícil entender o que queren dicir.



1 B: Detalle do retablo de S. Esteban, Salamanca



1 B: Fachada do Obradoiro S XVIII

Dende o punto de vista histórico foi unha época fortemente marcada por enfrontamentos (incluídas guerras) entre países católicos e protestantes. España despois de ser o imperio máis importante no S.XVI cai en decadencia política e económica e Francia pasa a ser a grande potencia europea. Isto non impide que xurda o chamado “Século de Ouro” da literatura española con autores coma **Lope de Vega**, **Calderón de la Barca** ou **Quevedo**. Tamén nesta época é cando a dinastía dos Borbóns, procedente de Francia, accede a reinar en España. O primeiro rei Borbón español foi Felipe V que foi coronado rei en 1700.

As “**Monarquías absolutas**” predominan en toda Europa. O poder segue en mans da **aristocracia** e da **igrexia** que mostran o seu poderío con grande espectáculos nos que a música sempre está presente, e seguindo a ser os **mecen**as dos artistas da época.

Outras personaxes importantes desta época son científicos coma **Galileo Galilei** ou **Isaac Newton**

Musicalmente o Barroco comenza co **nacemento da ópera** (en 1600 represéntase en Florencia “Euridice” a primeira ópera que conservamos escrita) e a morte do máis grande compositor deste período **Johan Sebastian Bach** en 1750.

O NACEMENTO DA ÓPERA

A finais do SXVI na “Camerata do conde Bardi” en Florencia, un “Club” no que se xuntaban artistas, filósofos, científicos, etc. falan de voltar as traxedias gregas nas que se sabía que había interpretacións teatrais con música, e así comenzan a escribir obras para representar con música, primeiro en festas da nobreza coma vodas, etc. mais xa en pouco tempo as óperas pasan a ser un espectáculo que gusta moito a toda a xente, e así en 1637 ábrese o primeiro teatro de ópera coma os de agora, no que calqueira persoa pode comprar unha entrada e acudir á representación. Isto considérase o **nacemento do público moderno**, igual que agora. En Venecia chegaron a funcionar nesa época ata 14 teatros de ópera ao mesmo tempo.

A época dos “**Castrati**”

Houbo un tempo no que a Igrexa Católica non permitía que as mulleres cantaran no coro, por eso no século XVI empezouse a recorrer a homes castrados, eran os chamados *Il Castrato*. Estes homes chegaban

a tesituras que ían dende soprano a mezo-soprano, debido á extirpación dos testículos antes da muda da voz que se produce ao chegar á pubertade. Moitos destes homes non acadaban éxito e acababan na pobreza e ademáis marxidados, mais algúns convertéronse en grandes estrelas da ópera europea. O máis famoso foi Carlos Broschi coñecido coma **Farinelli**.

Le o seguinte texto sacado dun artigo sobre unha exposición sobre os castratis que tivo lugar en Londres fai non moito tempo:

Bastante más inquietante es contemplar el instrumental quirúrgico para llevar a cabo la extracción de los testículos. La operación se realizaba, según Nicholas Clapton, el comisario de la muestra, “cuando los niños tenían de entre 8 y 9 años”. En el momento crítico, “se les sumergía en un baño de agua caliente y los drogaban con alcohol y opio”.

El estratégico corte impedía que la laringe y las cuerdas vocales se desarrollaran plenamente en la adolescencia.

Las damas se volvían locas por aquellos seres que no habían perdido su capacidad para hacer el amor, sin la desventaja de un inoportuno embarazo.

Le este outro texto extraído dunha carta dun escritor do S. XVII a un paxe:

Mi querido niño:

No me sorprende que tengas una aversión insuperable hasta ahora por aquello que más te importa en el mundo. La gente ordinaria y poco refinada te ha hablado sin rodeos sobre tu castración. Es una expresión tan fea y horrible que habría repugnado a una mente mucho menos delicada que la tuya.

Por mi parte, intentaré conseguir tu fortuna de una manera menos desagradable y te diré, utilizando la insinuación, que necesitas suavizarte por medio de una pequeña operación que garantizará la delicadeza de tu complexión durante muchos años, y la belleza de tu voz para el resto de tu vida.

Mira o seguinte vídeo extraído da película “Farinelli” que nos conta a vida deste castrati. Tes a letra a continuación.

<http://www.youtube.com/watch?v=t9h7oB0TpLY>

*Lascia ch'io pianga mia cruda sorte,
E che sospiri la libertà!
E che sospiri, e che sospiri la libertà!*

*Deixa que chore a miña cruel sorte,
e que suspire pola liberdade;
e que suspire...e que suspire...pola liberdade.*

*Lascia ch'io pianga mia cruda sorte,
E che sospiri la libertà!*

*Deixa que chore a miña cruel sorte,
e que suspire pola liberdade;*

*Il duolo infranga queste ritorte
De' miei martiri, sol per pietà*

*A dor infrinxe este sesgo
do meu martirio só por piedade;*

*Lascia ch'io pianga mia cruda sorte,
E che sospiri la libertà!
E che sospiri, e che sospiri la libertà!*

*Deixa que chore a miña cruel sorte,
e que suspire pola liberdade;
e que suspire...e que suspire...pola liberdade.*

*Lascia ch'io pianga mia cruda sorte,
E che sospiri la libertà!*

*Deixa que chore a miña cruel sorte,
e que suspire pola liberdade;*

En realidade esta “aria” (canción dunha ópera) non fala da vida de Farinelli senón dunha moza á que o seu pai dá en matrimonio a un heroe militar por axudalo nunha batalla. Sin embargo na película aproveitan a expresividade da aria para recordarnos a vida de do protagonista Farinelli.

Observa na escena como vai vestida a xente do público, que levan na cabeza os homes e como é a decoración do teatro.

Esta aria é un exemplo perfecto de **melodía acompañada**. Que familia de instrumentos predomina?

Igual que nas outras artes ós músicos desta época gustábanlle moito os adornos. Fíxate como moitas veces sobre unha soa sílaba canta moitas notas adornando a melodía. Suliña na letra que che puxen arriba a frase máis adornada.

- O **nacemento do público moderno**, como se explicou antes.
- O éxito da **melodía acompañada**. Frente a maneira de componse música vocal do renacemento que era sobre todo a polifonía, un coro cantando a varias voces, para representar unha ópera ten que cantar (actuar) cada personaxe só en moitas ocasións. Non pode estar cantando un coro todo o tempo como ocorre na polifonía.

PARTES DUNHA ÓPERA

- **OBERTURA**. É a “introducción” da ópera. É instrumental, so toca a orquestra e comenza co telón do escenario aínda baixado. O telon ábrese durante a obertura.
- **RECITATIVOS**. Son partes cantadas polos solistas nas que se desenvolve a acción. Adoita ser case falado ou cantado sen melodías moi elaboradas.
- **ARIAS**. Son as partes máis importantes, as “cancións” máis bonitas das óperas. Cántanas solistas e habitualmente expresan sentimentos dos protagonistas das óperas
- **COROS**. Son fragmentos nos que canta un coro. Os membros do coro están sempre integrados na acción da ópera coma un grupo de xente (campesiños, soldados, etc)
- **DÚOS, TRIOS, ETC.** Son partes nas que dous, tres... personaxes da ópera cantan xuntos.

Mira a primeira escena da ópera JULIO CESAR de Häendel e sinala cales das partes de ópera mencionadas arriba van aparecendo. <http://www.youtube.com/watch?v=nMsgC1RoWwk>

1º _____ 2º _____ 3º _____ 4º _____
Que voz de cantante masculino pensas que ten o que representa a Julio Cesar? _____

AUTORES MÁIS IMPORTANTES

Claudio Monteverdi (1567-1643) Compositor de comezos deste período que escribiu ademais música relixiosa e madrigales no estilo polifónico do renacemento. Foi mestre de capilla en Venecia entre outros cargos.

Antonio Vivaldi (Venecia 1678- 1741) Compositor de moitísima música de ópera, instrumental e vocal. Vivaldi, cura de profesión, tiña unha saúde feble polo que foi destinado ao “Pio Ospedale della Pietà” unha institución destinada a educar a rapazas orfas ás que ensinaba música, chegando a ter unha orquestra feminina que impresionaba á xente daquela época. Moitas das súas composicións foron escritas a propósito para esta orquestra.

Vivaldi é moi coñecido por ser o autor das “estacións” (primaveira, verán, outono e inverno) catro concertos dos que falaremos máis adiante. Mais tamén foi un autor de óperas de éxito.

Georg Friedrich Händel (Alemania 1685, Londres 1759) Häendel foi un dos máis prolíficos compositores da historia da música. Compuxo 43 óperas 26 oratorios e moita música coral e instrumental. A súa obra máis popular é sen dúbida o oratorio “O Mesías”
Häendel viaxou por Italia, Francia e asentouse definitivamente en Londres onde ademais de compositor foi empresario operístico, gañando unha grande fortuna durante un tempo anque ao final da súa vida as cousas fóronlle peor economicamente.

OUTRAS FORMAS DE MÚSICA VOCAL: A CANTATA E O ORATORIO

A CANTATA e o ORATORIO son composicións para cantantes solistas e coro con acompañamento instrumental. Igual que na ópera constan de ARIAS, RECITATIVOS E COROS, pero non se representan, e dicir que non hai decorados, os cantantes non van vestidos das personaxes que representan nin actúan teatralmente, senón que cantan coma se fora un concerto normal.

As CANTATAS poden ser profanas ou relixiosas e a súa duración é de arredor de 20 minutos. Nas cantatas relixiosas os coros teñen unha grande importancia e cantabaos toda a congregación. Lembra que no tema anterior vimos que isto era o habitual nos países protestantes.

Escoita o famoso coral “Xesus ledicia dos homes” da cantata 147 de Johan Sebastian Bach.

<http://www.youtube.com/watch?v=3Mn1ibFdXDU>

Observa que a melodía das voces é supersinxela

Interpretamos coa frauta esta melodía.

Os ORATORIOS son sempre relixiosos e a súa duración pode sobrepasar as dúas horas.

Escoita o “Aleluia” do oratorio “O Mesías” de Häendel <http://www.youtube.com/watch?v=SVcmMPIZ5EY>

A continuación tes a letra deste coral. Observa que está en Inglés. Por que pensas que está nese idioma se Häendel naceu en Alemaña? _____

Se segues a letra durante a audición verás que hai versos que repiten varias veces, algúns deses versos repíteos cada vez nunha tesitura máis aguda, producindo a sensación de ascenso. Suliña no texto en que versos ocorre iso.

hallelujah! hallelujah! hallelujah!

hallelujah! hallelujah! :

for the lord god omnipotent reigneth.

hallelujah! hallelujah! hallelujah! hallelujah! :

For the lord god omnipotent reigneth.

hallelujah! hallelujah! hallelujah! hallelujah!

hallelujah! hallelujah! hallelujah! :

the kingdom of this world

is become the kingdom of our lord,

and of his christ, and of his christ;

and he shall reign for ever and ever,

for ever and ever, forever and ever,

King of kings, and lord of lords,

JOHAN SEBASTIAN BACH

Compositor fundamental do Barroco e de toda a historia da música. Autor de máis de 500 cantatas.

J. S. Bach (Alemania 1685- 1750) era fillo de músicos. Naquela época o oficio de músico, coma calqueira outro oficio, habitualmente pasaba de pais a fillos durante bastantes xeracións. Coñecemos seis xeracións de músicos da familia Bach e a 50 compositores importantes incluídos algúns dos fillos de Johan Sebastian.

king of kings, and lord of lords, :

and lord of lords,

and he shall reign,

and he shall reign forever and ever,

king of kings, forever and ever,

and lord of lords,

hallelujah! hallelujah!

And he shall reign forever and ever,

king of kings! and lord of lords! :

and he shall reign forever and ever,

king of kings! and lord of lords!

hallelujah! hallelujah! hallelujah! hallelujah!

hallelujah!

J. S. Bach aprendeu música co seu pai e con un irmán maior. Tocaba o violín, o órgano, o clave e a viola da gamba.

Con 18 anos accedeu ao seu primeiro posto como organista profesional dunha igrexa. J. S. Bach traballou durante a súa vida en cinco cidades diferentes, en catro delas ao servizo de igrexas. So por un período de cinco anos traballou para un príncipe. No último cargo que ocupou (director musical na igrexa de santo Tomás de Leipzig) pasou 27 anos e tiña que componden unha cantata nova cada semana, ensaiala cos músicos e o coro e interpretala o domingo, ademais tiña que dar clase de latín.

Algunhas curiosidades:

J. S. Bach casou dúas veces. Coa primeira muller tivo sete fillos e coa segunda trece. Algúns deles morreron de pequenos como era habitual naquela época.

Con 20 anos desprazouse 400km andando (e outros 400 de volta) para escoitar a un organista famoso daquel tempo, Dietrich Buxtehude.

Cando morreu, a súa viuva vendeu partituras súas coma papel para envolver cousas, e así perdéronse boa parte das súas cantatas.

Obra

J.S. Bach compuxo todo tipo de música da que se compoñía na súa época excepto ópera:

Cantatas, oratorios, misas, concertos, suits, fugas, etc.



Unha mostra de cómo tiñan que tratar os músicos a os seus “xefes” é esta carta na que J.S.Bach enviaba o rei Federico o Grande de Prusia unha serie de fugas, cánones, etc sobre unha melodía que o rei lle ofrecera a Bach cando foi a visita-lo seu fillo Carl Philipp Emmanuel, que traballaba coma músico o servizo deste rei. No momento que Bach chegou a Prusia, o rei, músico aficionado, ofreceulle unha melodía para que Bach improvisara unha fuga a seis voces sobre ela. Bach improvisou sobre outra melodía pero unhas semanas máis tarde envioulle por carta unha serie de obras baseadas na melodía que o rei lle ofrecera, estas obras son coñecidas coma “Ofrenda musical” e encabazou a carta desta maneira

Rey graciosísimo:

Dedico a Vuestra Majestad, con la humildad más profunda, una ofrenda musical cuya parte más noble procede de la propia augusta mano de Vuestra Majestad. Con sobrecogido placer recuerdo la especialísima gracia de que fui objeto cuando, hace algún tiempo, durante mi visita a Sans-Souci, Vuestra Majestad se dignó tocar en el teclado un tema de fuga, y al mismo tiempo me encargó de la manera más graciosa que lo desarrollara en la presencia augustísima de Vuestra Majestad. Mi humildísima obligación no podía ser otra que obedecer la orden de Vuestra Majestad. Sin embargo, no pude menos que observar que, por falta de la necesaria preparación, mi ejecución no estaba a la altura de tan excelente tema. En consecuencia, determiné elaborar de manera más completa el tema real y, habiendo puesto empeño en la tarea, he resuelto ahora dar a conocer esta obra al mundo. Mi propósito no se ha realizado con la perfección que hubiera sido posible y la obra no tiene así otra finalidad que la muy loable de enaltecer, aunque sea sólo en medida tan modesta, la fama de un monarca cuya grandeza y dominio en todas las ciencias de la guerra y de la paz, y especialmente en la música, todo el mundo se ve obligado a admirar y respetar. Me atreveré a añadir una humildísima súplica: que Vuestra Majestad se digne enaltecer este modesto trabajo con su graciosa aceptación y que siga concediendo la augustísima gracia real de Vuestra Majestad a quien es el siervo más humilde y obediente de Vuestra Majestad



MÚSICA INSTRUMENTAL E INSTRUMENTOS

No Barroco a música instrumental é tan importante coma a vocal.

Prodúcese un avance importante en algúns instrumentos, sobre todo nos de corda fretada. Vanse a perfeccionar tanto os violíns, violas e violoncellos que xa non so se fixa a maneira de construción senón que os instrumentos que se conservan dos luthiers daquela época custan actualmente cantidades millonarias.

Le o seguinte texto

Andrea Amati es uno de los primeros constructores de violines conocidos. Nació en Cremona en el año 1520, y allí estableció su taller familiar. Enseñó el oficio a sus hijos, y éstos lo transmitieron a sus nietos, de entre los cuales uno brilló con especial intensidad: **Nicolò Amati** (1596–1684), que fue importante no sólo por la calidad de su trabajo, sino también por haber transmitido todo su saber a uno de los más ilustres luthiers de la historia: **Antonio Stradivari** (1644-1737) y también a **Andrea Guarneri**, fundador de otra eminente saga familiar de la cual destacará especialmente su nieto Giuseppe Antonio (1698-1744) conocido como Guarneri del Gesù que, aunque menos conocido por el gran público que Stradivarius, tiene el honor de haber construido el violín que ha alcanzado mayor precio en el mercado: siete millones de dólares.

El elevado precio que los instrumentos creados por estos luthiers llegan a alcanzar despierta la curiosidad de los aficionados y del público en general. Lo que es indudable es la calidad que se llegó a alcanzar en la construcción de violines, violas y violonchelos en un lugar tan concreto y en un espacio relativamente breve de tiempo. Hay muchas leyendas al respecto, y hay también muchos estudios científicos que desmienten o dan validez a todas estas historias. Una de ellas hace referencia a que los árboles utilizados crecieron en una época de frío excepcionalmente intenso, lo que hizo que su madera sea especialmente compacta. Otra cuenta que Stradivarius utilizaba unos barnices cuya composición no ha podido ser, a día de hoy, totalmente desvelada. Se cree que uno de los componentes puede ser orgánico y que se encontraba presente en el agua del riachuelo que pasaba cerca de su taller, donde solía limpiar sus herramientas.

Lo que sí parece haber quedado demostrado es que las maderas utilizadas por estos constructores fueron sometidas a un tratamiento antiparasitario con unas sustancias elaboradas por el farmacéutico de Cremona. Un catedrático de bioquímica húngaro, Joseph Nagyvary, lleva décadas investigando estos violines y parece ser que ha dado con la tan buscada fórmula... y la ha aplicado a la construcción de sus propios violines.

PARA GANAR ALGÚN PUNTO

En grupos de catro realizade a seguinte Web Quest

http://www.educa.madrid.org/cms_tools/files/2c97c825-4158-4bf8-b2b0-c98fecf424bd/WQ_stradivari.html

OUTROS INSTRUMENTOS DA ÉPOCA

Busca en Internet e pon o nome dos seguintes instrumentos e especifica a que familia pertencen:





O baixo contínuo

O Baixo contínuo é unha técnica de composición que consiste nunha melodía tocada cun instrumentos grave monódico (violonvello, viola da gamba baixo, fagot, etc:) e que se rechea con máis notas tocadas por un instrumento que permite tocar moitas notas á vez (clavecín, laúde, arpa, etc) . Para este segundo instrumento o compositor non escribía as notas na partitura, senón que engadía uns númeors á partitura do instrumento grave e con eses números coma guía o instrumentista “improvisaba” a súa parte.

Naturalmente por encima do baixo contínuo o compositor escribía para outros instrumentos agudos.

Adivina ti que notas quería o autor que tocasse o contínuo neste fragmento.



Mira o seguinte vídeo e contesta as preguntas: <http://www.youtube.com/watch?v=ID0gOtALCaQ>
1º Que instrumentos tocan. _____

Cal é o solista? _____. Quenes fan o Baixo Contínuo _____

Formas musicais instrumentais do barroco

Escoita o coñecidísimo **Canon en RE de J. Pachelbel** Pachelbel foi un importante clavecinista e organista alemán, foi amigo do pai de J. S. Bach. <http://www.youtube.com/watch?v=XaSqRCLDe6M>

LEMBRA Un **canon** é unha composición na que varios instrumentos tocan o mesmo pero empeza uns antes e outros máis tarde

Esta obra é un canon e ademáis está feita sobre unha melodía de baixo (que toca o violoncello) que se repete catro compases pero que se repite unha e outra vez ao longo da obra.

Moitas cancións pop de agora utilizan case os mesmos acordes que usou Pachelbel neste canon.

Mira o seguinte monólogo sobre el

<http://www.youtube.com/watch?v=OGM7PsXGkgg>



Escoita o preludio da suite para violoncello Nº 1 de J. S. Bach.

http://www.youtube.com/watch?v=LU_QR_FTt3E&playnext=1&list=PL21EB523AFE03092A

Que textura é a que utiliza. Contrapunto ou homofonía? _____

Escoita estouta versión.

<http://www.youtube.com/watch?v=h5y4eQxHluw>

Pensas que este músico “traiciona” a Bach ao tocala cunha guitarra distorsionada en vez de cun violoncello?

CONCERTOS

Concerto é unha palabra polisémica. Un concerto pode ser a actuación dun grupo nun lugar determinado, mais concerto tamén é unha obra musical que ten unha estrutura concreta, de modo que unha orquestra pode tocar nun sitio e interpretar por exemplo unha suite e un concerto. Neste sentido, de obra concreta chamada concerto, é no que o imos estudar aquí.

Un Concerto é unha obra musical na que necesariamente ten que intervir unha orquestra e un ou varios solistas, polo tanto hai partes nas que intervéñen toda a orquestra chamadas “Tutti” e partes nas que só tocan os solistas cun pequeno acompañamento orquestral, no caso do barroco adoita ser o *Baixo CONTÍNUO*.

Según o número de solistas falaremos de:

- CONCERTO SOLISTA cando hai un único solista
- CONCERTO GROSSO cando hai varios solistas

Os concertos adoitan ter TRES MOVEMENTOS (tres partes), dos cales o primeiro e o terceiro son rápidos e o segundo é lento.

Por exemplo o “*CONCERTO DE BRANDEBURGO Nº 2*” de J. S. Bach ten tres movementos que son : *ALLEGRO ANDANTE ALLEGRO*

No video que tes a continuación interpretan un dos movementos dun concerto.

<http://www.youtube.com/watch?v=B5eQ0LH15Iw> Fíxate:

Cal é o instrumento solista? _____ Que outros instrumentos compoñen esta orquestra?

Crees que hai Baixo contínuo? _____ Que instrumentos o tocan _____

Trátase dun concerto grosso ou dun concerto solista? _____

O autor da obra é Alessandro Marcello, compositor veneciano

Entre a moita música que compuxo J. S. Bach están os seis “**Concertos de Brandenburgo**” chamados así porque llos adicou ao marqués de Brandenburgo. Neste caso trátase de concertos Grosso.

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=0TwZpsbU_EU

Observas algo especial na trompeta que utilizan? _____

Hai algo nalgún outro instrumento que chame a túa atención? _____

Cales son os instrumentos solistas? _____

A continuación tes outro vídeo dun dos concertos máis coñecidos do Barroco, As catro estacións de Vivaldi. Vivaldi compuxo un concerto para cada unha das estacións. Escoita “ O Inverno”


<http://www.youtube.com/watch?v=eKlyiaD8A4A>

Cal é o instrumento solista? _____

É un concerto grosso ou un concerto solista? _____

A **fuga** é unha obra en contrapunto imitativo cunha estrutura bastante complexa, caracterízase por: Ten un único movemento, está toda baseada nunha melodía que chamamos “Suxeito” e ten que estar escrita como mínimo a tres voces.

O esquema do comenzo da fuga é o seguinte:



A orde na que entran as voces é libre, pode comenzo calqueira: a máis agúda, a máis grave ou a do centro.

O estilo “fugado” é moi característico do barroco, e as veces utilízase para comenzo obras que non son fugas , e que logo continúan de forma libre, sin realiza-la estrutura completa dunha fuga.

Actividades

http://www.aprendemusica.es/Musicas/3_ESO/UD3_Barroco.Latinoamerica/EJERCICIOS_INTERACTIVOS_BARROCO/BARROCO_Hot_Potatoes/Musicas_barrocas.htm